

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(189).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 10 e 11 de febreiro, e ordinaria e extraordinaria e urxente do 13 de febreiro de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2.- DAR CONTA DE SENTENZAS, AUTOS E DECRETOS.

Dar conta das seguintes Sentenzas remitidas por Asesoría Xurídica:

A) EXPTE. Nº 8800-111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 297/14 P.A. DEMANDANTE: D. VICENTE RAMIL PASTORIZA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 2.9.14. RECLAMACIÓN RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL, ACCIDENTE DE MOTO O 19-7-2012 (EXPTE.: 3909/243). DESESTIMADO O RECURSO.

B) EXPTE. Nº 8759-111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 227/14 P.A. DEMANDANTE: D. DÁMASO PENA GONZÁLEZ (“SINDICATO INDEPENDIENTE DEL AYUNTAMIENTO DE VIGO”). OBXECTO: XGL 23 MAIO 2014. BASES DE SELECCIÓN DE 2 PRAZAS DE “INSPECTOR PRINCIPAL” DA POLICÍA MUNICIPAL. DESESTIMADO O RECURSO.

C) EXPTE. Nº 3739-111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 64/2007 P.O. DEMANDANTE: UTE ELOYMAR-TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO. OBXECTO: RESOLUCIÓN ESTIMATORIA PARCIAL (19/3/2007), DESESTIMACIÓN DO RECURSO CONTRA O ACORDO DO 12/2/2007, APARTADO SEGUNDO DA RESOLUCIÓN DO 23/7/2007, E RESOLUCIÓN DO 27/8/2007, RELACIONADAS COA ENTRADA EN VIGOR DA LEI ESTATAL DE OBRIGA A TARIFICAR POR MINUTOS A PRESTACIÓN DO SERVICIO. DESESTIMADO O RECURSO.

D).- EXPTE. Nº 8838-111. SENTENZA DO X. PRIMEIRA INSTANCIA Nº 1 DE VIGO, TERCERÍA DE DOMINIO 255/2014. DEMANDANTE: DONA PAULA VANESA LÓPEZ SEOANE. OBXECTO: DEMANDA DE TERCERÍA DE DOMINIO POR UN VEHÍCULO CONTRA A DESESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA CIVIL. ESTIMADA INTEGRAMENTE A DEMANDA.

E) EXPTE. Nº 8840-111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 379/14 P.A. DEMANDANTE: D^a LUCY AMIGO DOBAÑO E OUTROS. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO TE-A DO CONCELLO DE VIGO DO 7-2-2014. LIQUIDACIÓN DO IIVTNU, TRANSMISIÓN DE TERREO. CONTÍA: 1.918,80 (X 3) €. DESESTIMADO O RECURSO.

F) EXPTE. Nº 8825-111. AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 355/14 P.A. DEMANDANTE: D^a TERESA ROMERO GARCÍA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 16.8.14. RECLAMACIÓN DE REPOSABILIDADE PATRIMONIAL, CAÍDA NA AVDA. CASTELAO O 15.11.2012 (EXPTE.: 3900/243.) DECLARA CADUCADO O RECURSO

G) EXPTE. Nº 8589-111. SENTENZA DO TSXG, SALA DO C-A, SECCIÓN 4^a, NO REC. APELACIÓN Nº 15044/2014, INTERPOSTO POR UNIVERSIDADE DE VIGO CONTRA SENTENZA DESESTIMATORIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 101/14 P.O.

EN RELACIÓN CON ACORDO DO TE-A DO CONCELLO DE VIGO 18-6-2013. IBI 2012. DESESTIMADO O RECURSO DE APELACIÓN.

H) EXPTE. Nº 6895-111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 94/2011 P.O. DEMANDANTE: D^a MARÍA DEL PILAR OTERO MEIRIÑO. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 28.4.11. RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN FINCA POR FILTRACIÓNS DA CANLE DE EIRAS . ESTIMADO PARCIALMENTE O RECURSO.

I) EXPTE. Nº 8897-111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 423/2014 P.A. DEMANDANTE: D. ÁNGEL JESÚS MARTÍNEZ FERNÁNDEZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 30.10.14. RECLAMACIÓN DE REponsabilidade PATRIMONIAL, DANOS EN VEHÍCULO APARCADOIRO DE SAMIL, TOCÓN DUNHA ÁRBORE, 5.8.2013. DESESTIMADO O RECURSO.

K) EXPTE. Nº 8283-111. SENTENZA DO TSXG, SALA DO C-A, SECCIÓN 2^a, NO REC. APELACIÓN Nº 4441/2014, INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA SENTENZA ESTIMATORIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO DE RC-A INTERPOSTO CONTRA A RESOLUCIÓN DO 1.3.2013 DA X.GOVERNO LOCAL EN RELACIÓN Á RETIRADA DA CRUZ DO CASTRO. ESTIMADO O RECURSO DE APELACIÓN.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3.- BASES REGULADORAS QUE REXERÁN O SORTEO DOS POSTOS NO MERCADO PROGRESO. EXPTE. 5472/551.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 24/02/15, do vocal do TEA, asinado polo xefe do servizo de Mecados e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión que tivo lugar o sete de febreiro de 2014 (APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS QUE REXERÁN O SORTEO DOS POSTOS NO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5472/551), dictou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente as bases para o sorteo dos postos do Mercado do Progreso que figuran coma ANEXO I da presente proposta, outogándolles aos interesados o prazo de dez días para efectuar alegacións e suxerencias ás mesmas.

SEGUNDO.- Notificar o presente Acordo e os seus Anexos aos titulares de concesións de dominio que figuran como Anexo II do presente.”

SEGUNDO.- Don Héctor Soto González, titular do posto C18 e dona Pilar Rodríguez Alonso, titular do posto B17, ambos incluídos na relación inicial de adxudicatarios de postos, renunciaron á concesión outorgada sobor dos ditos postos.

Sendo a concesión de dominio outorgada no seu momento un acto voluntario para os adxudicatarios, non cabe outra cousa que aceptar a dita renuncia.

TERCEIRO.- O día 03/05/14, por Dona María Dolores Oya Amoedo, titular da concesión sobor dos postos B45 e B46, foron presentadas alegacións sobor da orde de petición dos postos. Na mesma data, dona María Carmen Alonso González, titular das concesións dos postos B08, B09, B29, B30 e B36, presenta asimesmo alegacións. Ambas, toda vez que son de similar redacción, poden ser analizadas conxuntamente e se refiren ós seguintes aspectos:

- a) Que téndose comprometido a abrir pola mañán e pola tarde, os postos deben agruparse e ser colindantes*
- b) Que nas condicións das concesións non se recollía o sorteo dos postos*
- c) Que debe deixárselle escoller todos os postos có primeiro número que resulte do sorteo.*

En relación coas ditas alegacións, compre indicar o seguinte:

A agrupación dos postos prevista polas bases das concesións viña referida a unha posible configuración dos postos en diferentes plantas, de xeito similar ó que acontecía no vello Mercado do Progreso. Así, ante a posible ubicación de algunhas bancadas de peixe na planta primeira e outras na planta segunda, foi prevista a posibilidade de agrupar a todos os que abrisen mañán e tarde na mesma zona. Nembargantes, o proxecto de reforma agrupa todos os postos na planta baixa do mercado e xa os agrupa por categorías de venta, sendo colindantes entre sí todas as bancadas, motivo polo cal a cláusula carece de viabilidade (aparte de que nunca, se reitera, reflectiu que a colindancia viñese referida ó titular do posto, sinón á tipoloxía dos mesmos

As bases reguladoras priman, tal e coma establece a SEGUNDA das mesmas, o acordo entre os adxudicatarios sobor do sorteo. Só en ausencia de acordo se acudiría, coma non pode ser de outro xeito, ó sorteo.

Por último, e en relación coa orde de petición, compre ter en conta varios aspectos. En primeiro lugar, que a igualdade nas oportunidades predícase da concesión e non do concesionario, de tal xeito que a mesma oportunidade de ser colindante con outro posto asiste a dous titulares distintos que queren ter os seus postos colindantes que a quen é titular de dúas concesións. En segundo lugar, non debemos esquecer a diferente dimensión dos postos, de máis do dobre de lonxitude no novo Mercado con respecto ó anterior e que, de aceptar a proposta, podería dar lugar a un posto de 15 metros de fronte, tipoloxía ésta non parece que óptima nun mercado municipal. Por último, e en referente á oportunidade de deixar escoller có primeiro número adxudicado, suporía un privilexio inxustificable con respecto ós demais usuarios do Mercado. A circunstancia normal é que, có número resultante do sorteo se pida a concesión resultante para ese posto; a alteración polo interesado desta orde de petición, agardando por outra que lle permita obter postos colindantes, xa supón para él un privilexio que sería desorbitado e inxustificable no caso de que pospuxera a solicitude de quen en sorteo tivese obtido un mellor número.

Así pois, e tendo en conta que as bases polas que se regula a adxudicación forman un todo ordenado e coherente e que non existe motivo nin legal nin de oportunidade para outorgar o desmedido privilexio pretendido en contra dos demais adxudicatarios de concesións de dominio, procede desestimar as alegacións.

CARTO.- De conformidade có establecido nos Pliegos que serviron para a adxudicación do Contrato para a Xestión Indirecta do Mercado do Progreso e a concesión directa dos postos non

adxudicados, requeriuse da entidade adxudicataria a remisión da cota mensual para o exercicio 2015 de cada un dos postos obxecto de licitación. D. Raúl Fontán Villanueva, actuando no nome do adxudicatario, aportou en data 24 de febreiro de 2015 a citada documentación, que figura asinada no expediente se incorpora á presente coma ANEXO III.

Vistos os feitos e fundamentos de dereito, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia comunicada por Don Héctor Soto González coma titular da concesión de dominio sobor do posto C18

SEGUNDO.- Aceptar a renuncia comunicada por dona Pilar Rodríguez Alonso, coma titular da concesión de dominio sobor do posto B17

TERCEIRO.- Desestimar as alegacións formuladas por Dona María Dolores Oya Amoedo e dona María Carmen Alonso González, ó non apreciarse a oportunidade de adoptar os criterios por elas propostos.

CARTO.- Aprobar definitivamente as bases para o sorteo dos postos do Mercado do Progreso que figuran coma ANEXO I ó presente e as tarifas unitarias mensuais dos postos para 2015 que figuran coma ANEXO III.

QUINTO.- Remitir copia do presente Acordo ós titulares de concesións de dominio vixentes que figuran no Anexo II ó presente, xunta con plano da planta do Mercado e cota individualizada mensual para o 2015 dos postos obxecto de sorteo.

SEXTO.- Fixar para o día catro de marzo ás 13:00 horas o límite para a presentación das propostas ás que se refire a base segunda do sorteo. A dita presentación se realizará no Rexistro Xeral deo Concello de Vigo e entregaráse unha copia nas dependencias do Tribunal Económico-Administrativo, situado no primeiro andar do Concello, onde se asinará o recibín da mesma.

SÉTIMO.- Fixar para o día cinco de marzo ás dúas da tarde a data para o acto público de realización do sorteo, que terá lugar na sala anexa á Secretaría do Concello de Vigo, sita no primeiro andar.

OITAVO.- Fixar para o día nove de marzo ás 13:00 horas a data límite para a petición de postos, segundo o modelo que será remitido ós comerciantes. A dita presentación se realizará no Rexistro Xeral deo Concello de Vigo e entregaráse unha copia nas dependencias do Tribunal Económico-Administrativo, situado no primeiro andar do Concello, onde se asinará o recibín da mesma.

NOVENO.- Fixar para o día dez de marzo ás dúas da tarde a data para o acto público de asignación de postos, que terá lugar na sala anexa á Secretaría do Concello de Vigo, sita no primeiro andar. A dita asignación de efectuará a partir das solicitudes escritas presentadas e as eleccións que teñan lugar no propio acto. Unha vez asignados neste acto, se notificarán ós interesados, quenes disporán dun prazo adicional de dous días para posibles intercambios de postos coa conformidade de todas as partes implicadas.

DÉCIMO.- Polo Sr. Concelleiro Delegado de Distritos, Limpeza, Parques, Xardíns e Comercio Don Ángel Rivas González serán decididas cantas cuestións materiais se susciten relativas á execución do presente acordo do sorteo e adxudicación dos postos en cumprimento das bases

aprobadas, asistido polo Vocal do Tribunal Económico-Administrativo, Miguel A. Pola Tombo, en virtude da autorización para a súa intervención no presente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

“ANEXO I.- BASES REGULADORAS DO SORTEO DE POSTOS NO MERCADO DO PROGRESO

PRIMEIRA.- Unha vez adxudicado o contrato para a “Xestión Integral do Servizo Público de Mercado no “Mercado Municipal Do Progreso” mediante a modalidade de Concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible”(exped 5240/551) e aprobado o proxecto definitivo complementario do Mercado do Progreso, se someterá á aprobación da Xunta de Goberno Local, oído o adxudicatario do concerto, a aprobación da relación dos postos obxecto de sorteo e dos postos obxecto de adxudicación directa, así coma o canon mensual para o 2015 de cada un deles e se remitirá a tódolos interesados plano da súa Planta Baixa con indicación dos postos obxecto de sorteo, canon mensual definitivo para cada posto e data do sorteo público da orde de petición dos postos para todos aqueles que teñan máis dun adxudicatario por categoría e non fosen adxudicados directamente.

SEGUNDA.- Si con anterioridade á data do sorteo, todos os adxudicatarios dunha mesma tipoloxía presentan proposta conxunta de adxudicación asinada por todos eles, os da dita tipoloxía xa non serán sorteados e serán adxudicados conforme coa dita proposta.

TERCEIRA.- Para a realización do sorteo otorgaráselle un número a cada expediente de outorgamento de concesión, e no momento do sorteo serán extraídos números sucesivamente que determinarán a orde pola que o titular da concesión á que se refire o dito expediente será chamado a elixir o seu posto.

CUARTA.- No prazo aproximado de dez días dende a realización do sorteo da orde de chamada para a elección dos postos, os adxudicatarios serán notificados para comparecer e elixir, en acto público, o seu posto.

Con anterioridade a este acto, poderán presentar escrito no que determinen a súa elección de posto, por orde de preferencia, nun número deles igual ao seu ordinal na elección (así, por exemplo, o titular do posto que elixa en quinto lugar, indicará por orde de preferencia cinco postos e quen elixa de oitavo lugar, oito postos). Neste caso de elección de posto mediante escrito previo, lle será adxudicado o primeiro dos elixidos que non tivese sido adxudicado aos adxudicatarios de concesións da mesma tipoloxía que tiñan preferencia na elección.

O escrito referido poderá ser presentado en calquer rexistro público axeitado conforme á normativa vixente, pero quen presente escrito en Rexistro distinto do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, deberá remitir ao fax 986228592 copia selada do documento presentado antes das 14:00 horas do día anterior á data fixada para o acto da elección de postos; caso contrario, a súa solicitude non será tida en conta e se aplicará a Base Sexta.

QUINTA.- Quen tivese presentado o escrito ó que se refire a Base Cuarta e desexe substituílo por unha solicitude verbal no sorteo, deberá comunicalo presencialmente o día do sorteo e antes do inicio de éste, recolléndose a dita manifestación na acta que se formalice.

SEXTA.- Quen non presente escrito de elección ou o presente de tal xeito que non lle poda ser adxudicado ningún dos postos por él elixidos, e que non atenda ao chamamento para a solicitude presencial do posto no intre do acto en que éste se produza, lle será adxudicado de oficio o posto sobrante; se houberse máis de un posible por tipoloxía, se adxudicarán por sorteo.

SÉTIMA.- Os titulares das concesións sobre os postos poderán pospoñer a súa elección a calquera ordinal posterior ao que lle corresponda, comunicando a dita circunstancia ao Secretario da Mesa cando sexan chamados a elixir, quen o reflectirá no acta. Esta circunstancia prevese para aqueles casos nos que se desexe optar a ter un colindante concreto ou, previa autorización municipal, se pretenda proceder á agrupación de postos colindantes. Para estes casos, será imprescindible a manifestación presencial do adxudicatario no acto de elección de postos.

OITAVA.- Os adxudicatarios que elixan no acto público deberán acudir ao mesmo debidamente identificados cón seu DNI ou documento equivalente (exclusivamente, pasaporte ou tarxeta de residente). Tamén poderán actuar por medio de representante, quen deberá acudir igualmente identificado e provisto de poder notarial expreso e bastantado con anterioridade pola Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

ANEXO II.- RELACIÓN DE ADXUDICATARIOS DE POSTOS NO MERCADO DO PROGRESO

TIPO	Posto	expediente	Nome adxudicatario
Bancada peixe	B41	179/551	Ana Belén García Rivera
Bancada peixe	B37	212/551	Estela Araujo Castro
Carnicería	C54	210/551	Fernando Manuel González Rodríguez
Cafetería	VCA	178/551	Gerardo Lens Fuentes
Carnicería	C13	189/551	Gerardo Rodríguez Rodríguez
Panadería	VPA	184/551	Jesús Abalde Guiadanes
Carnicería	C19	186/551	José Antonio Beltrán Castro
Froitería	F06	190/551	José Luis Bugarín Hernández
Bancada peixe	B39	219/551	José Manuel Mariño Castro
Bancada peixe	B26	216/551	Julia Quinteiro Quintas
Bancada peixe	B24	5180/551	M ^a Alsira Lorenzo Costas
Bancada peixe	B08	199/551	M ^a Carmen Alonso Gonzalez
Bancada peixe	B09	198/551	M ^a Carmen Alonso Gonzalez
Bancada peixe	B30	196/551	M ^a Carmen Alonso Gonzalez
Bancada peixe	B36	195/551	M ^a Carmen Alonso Gonzalez
Bancada peixe	B29	197/551	M ^a Carmen Alonso Gonzalez
Bancada peixe	B25	154/551	M ^a Carmen Oya Amoedo
Charcutería	C15	187/551	M ^a Rosario Doval Fernández
Floristería	F14	182/551	Manuel Rosario Gonzalez
Bancada peixe	B15	177/551	María del Pilar Collazo Barreras
Froitería	F05	202/551	María del Pilar Táboas Pintos
Bancada peixe	B45	156/551	María Dolores Oya Amoedo
Bancada peixe	B46	157/551	María Dolores Oya Amoedo

TIPO	Posto	expediente	Nome adxudicatario
Queixos	F04	203/551	María Manuela Táboas Pintos
Froitería	M02	209/551	María Pilar Alonso Quiñónes
Floristería	F11	201/551	María Teresa Collazo Mayor
Bancada peixe	B14	185/551	María Teresa Marcos Vidal
Bancada peixe	B21	192/551	Marli Rodríguez Lemos
Bancada peixe	B11	183/551	Penélope Rodríguez Besada
Golosinas	M03	223/551	Planos desenvolvemento comercial
Queixos	F03	152/551	Raúl Fontán Villanueva
Carnicería	C06	150/551	Ricardo Pérez Prado
Froitería	M07	151/550	Rosa M ^a Lago Alonso
Bancada peixe	B32	180/551	Susana Quevedo González
Bancada peixe	B10	213/551	Vicenta Galiana Rodríguez

ANEXO III.- COTAS MENSUAIS PARA O ANO 2015 DOS POSTOS NO MERCADO DO PROGRESO

Carnicerías y Charcuterías:

C1	380 euros
C2	380 euros
C3	380 euros
C4	250 euros
C5	290 euros
C6	290 euros
C7	250 euros
C8	380 euros
C9	380 euros
C10	250 euros
C11	390 euros
C12	445 euros
C13	390 euros

Frutas y Flores:

F1	260 euros
F2	260 euros
F3	280 euros
F4	280 euros
F5	280 euros
F6	280 euros
F7	280 euros
F8	280 euros

Panadería y cafetería:

P1	580 euros
P2	580 euros
P3	580 euros

Pescaderías:

P1	235 euros
P2	235 euros

P3	235 euros
P4	235 euros
P5	235 euros
P6	235 euros
P7	235 euros
P8	235 euros
P9	175 euros
P10	175 euros
P11	175 euros
P12	175 euros
P13	175 euros
P14	175 euros
P15	151 euros
P16	151 euros
P17	151 euros
P18	151 euros
P19	151 euros
P20	151 euros”

CONTRATACIÓN

- 4.- **DEVOLUCION DE GARANTÍA A FAVOR DE OBRA Y CONSTRUCCIONES DIOS S.A. EXPTE. 5133/241.**

CULTURA, FESTAS E MUSEOS

- 5.- **SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FUNDACIÓN LAXEIRO PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DO EXERCICIO ECONÓMICO 2015. EXPTE. 1107/341.**
- 6.- **FIXACIÓN DE PREZO DA VENDA AO PÚBLICO DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “A MÁQUINA DE ESCRIBIR, COLECCIÓN SIRVENT” EN CASA DAS ARTES. EXPTE. 1121/341.**

DEPORTES

- 7.- **PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA BICI RUTAS 2015. EXPTE. 13865/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23/02/15, do director deportivo do IMD, asinado xuridicamente polo secretario de Admon. Municipal e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

A entidade Club Ciclista Vigués con CIF (G-36650885), solicitou o día .22-01-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150008400) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: BICI RUTAS VIGO 2015*
- *Datas: 1-15 marzo; 12 abril; 11-25 outubro*
- *Horario:*

- Inicio e fin evento:10.30 h a 13.00h
- Inicio do Montaxe:09.00h.
- Fin do desmontaxe:14.00h.

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente o programa BICI RUTAS VIGO 2015, esta edición esta composta por 4 paseos que se levarán a cabo o 1 de marzo percorrendo Porta do Sol, Paseo Elduayen, Alfonso XII, Pi y Margall, Santa Marta, Beiramar, Parque Eduardo Cabello, Santo Cristo, Igreσία de Bouzas, Paseo de Bouzas(ida y vuelta), Paseo Paz Andrade, rúa Roade,avda Atlántida, Avda Samil, rúa Canido, rúa Arquitecto Gómez Román, Arquitecto Cominges,Cabo Estai, Arquitecto Desiderio Pernas, Arquitecto Cominges, Arquitecto Gómes Román, rúa de Canido, Avda Samil, Avda, Atlántida, Rúa Roade, Paseo Paz Andrade, Iglesia Bouzas, Eduardo Cabello, Beiramar, Canovas del Castillo, Carral, Marqués de Valladares, Reconquista para rematar en Porta do Sol o 15 de marzo .Porta do Sol, Policarpo Sanz, García Barbón, Sanjurjo Badía, Avda. Galicia, Parque Rioux, Cño Chumba, baixada a Roteas, Cño Real, baixada a Rios, avda Mariña, ETEA, Paseo praia da Guia, Dr. Corbal, avda Dña. Fermina, Carballeira da Guia, Pedro Alvarado,. Maceiras, Devesa Santa Tegra, avda Guixar, Xulián Estévez, García Barbón, Policarpo Sanz e Porta do Sol, 12 de abril Porta do Sol, Paeo Elduayen, Paseo Alfonso XII, Pi y Margall, Lopez Mora,Camelias, Pintor Lugris,Regueiro, Cruce Gran Vía, Carmen, Pastora, baixada Igrexa, baixada Pontillón, Parque de Castrelos,, senda do rio,Iagares, avda Portanet, avda Citroen, rotonda de San Andrés,,Cño Caramuxo, Ricardo Mella, Cño. Muiños, rua do rio, avda samil, cño Garita, Cño Sobreira, Freixeiro. Avda Europa, Avda Castelao, Camelias Pza Independencia,Camelias, Romil. Paseo Alfonso Porta do Sol, 11 de outubro.Porta do Sol, Elduayen, Paso Alfonso XII, Pi y Margall, López Mora, Pza América, Castelao Rua Porriño, Padre Seixas, Florida, Pablo Iglesias, rúa dos Olimpicos, rúa Citroen , Alcalde Portanet, Castrelos, Prado Vello, Baixada Pontillón, Isaac Díaz Pardo, Regueiro,Gran Vía, Tarragona,Pintor Colmeiro,Hispanidade, Amor Ruibal.Atalaia, Cronista Alvarez Blazquez, Paseo Rosalia de Castro, Paseo dos Cedros,Camelias,Falperra, Romil.Elduayen, Porta do Sol e 25 outubro..Calvario(Urzáiz),Aragón, Avda Aeroporto,Cantabria, Pouleira, Cño Poulo,Cño Pedroso Cño Praixal de arriba, Camiño Traidada Augas, San Vicente de Trasmaño, Regreso, Cño Traidada Augas, Praixal de arriba, Pedrosa, Poulo, Pouleira, Cantabria,avda Aeroporto. Rua Aragón, Calvario(Urzáiz).

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refiére o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués con CIF (G-36650885) xunto coa Concellería de Deportes a organizar os vindeiros días 1-15 marzo , 12 de abril e 11-25 de outubro o programa BICI RUTAS 2015 e que terán o seguinte percorrido: 1 de marzo Porta do Sol, Paseo Elduayen, Alfonso XII, Pi y Margall, Santa Marta, Beiramar, Parque Eduardo Cabello, Santo Cristo, Iglesia de Bouzas, Paseo de Bouzas(ida y vuelta), Paseo Paz Andrade, rúa Roade,avda Atlántida, Avda Samil, rúa Canido, rúa Arquitecto Gómez Román, Arquitecto Cominges,Cabo Estai, Arquitecto Desiderio Pernas, Arquitecto Cominges, Arquitecto Gómes Román, rúa de Canido, Avda Samil, Avda, Atlántida, Rúa Roade, Paseo Paz Andrade, Iglesia Bouzas, Eduardo Cabello, Beiramar, Canovas del Castillo, Carral, Marqués de Valladares, Reconquista para rematar en Porta do Sol o 15 de marzo .Porta do Sol, Policarpo Sanz, García Barbón, Sanjurjo Badía, Avda. Galicia, Parque Rioux, Cño Chumba, baixada a Roteas, Cño Real, baixada a Rios, avda Mariña, ETEA, Paseo praia da Guía, Dr. Corbal, avda Dña. Fermina, Carballeira da Guía, Pedro Alvarado,. Maceiras, Devesa Santa Tegra, avda Guixar, Xulián Estévez, García Barbón, Policarpo Sanz e Porta do Sol, 12 de abril Porta do Sol, Paeo Elduayen, Paseo Alfonso XII, Pi y Margall, Lopez Mora,Camelias, Pintor Lugris,Regueiro, Cruce Gran Vía, Carmen, Pastora, baixada Igrexa, baixada Pontillón, Parque de Castrelos,, senda do rio,lagares, avda Portanet, avda Citroen, rotonda de San Andrés,,Cño Caramuxo, Ricardo Mella, Cño. Muiños, rua do rio, avda samil, cño Garita, Cño Sobreira, Freixeiro. Avda Europa, Avda Castelao, Camelias Pza Independencia,Camelias, Romil. Paseo Alfonso Porta do Sol, 11 de outubro.Porta do Sol, Elduayen, Paso Alfonso XII, Pi y Margall, López Mora, Pza América, Castelao Rua Porriño, Padre Seixas, Florida, Pablo Iglesias, rúa dos Olímpicos, rúa Citroen , Alcalde Portanet, Castrelos, Prado Vello, Baixada Pontillón, Isaac Díaz Pardo, Regueiro,Gran Vía, Tarragona,Pintor Colmeiro,Hispanidade, Amor Ruibal.Atalaia, Cronista Alvarez Blazquez, Paseo Rosalia de Castro, Paseo dos Cedros,Camelias,Falperra, Romil.Elduayen, Porta do Sol e 25 outubro..Calvario(Urzáiz),Aragón, Avda Aeroporto,Cantabria, Pouleira, Cño Poulo,Cño Pedroso Cño Praixal de arriba, Camiño Traida das Augas, San Vicente de Trasmaño, Regreso, Cño Traida de Augas, Praixal de arriba, Pedrosa, Poulo, Pouleira, Cantabria,avda Aeroporto. Rua Aragón, Calvario(Urzáiz), as rutas comenzarán ás 10.30 horas e rematarán ás 13.00h.

Acordo:

a Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO XVI MEDIO MARATÓN GRAN BAHIA VIG-BAY O 22 DE MARZO DE 2015. EXPTE. 13862/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 20/02/15, do director deportivo do IMD, asinado xuridicamente polo secretario de Admon. Municipal e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

O Club Corredores Vig-Bay con (CIF:G36862191), solicitou o día 23-01-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150009300) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XVI MEDIO MARATON GRAN BAHIA VIG-BAY
- Data: 22 de marzo de 2015
- Horario:
- Inicio do Montaxe:09.00h.
- Fin do desmontaxe:14.00h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que comenizará o domingo 22 de marzo de 2015 ás 10.30, a saída da carreira será diante do Hotel Samil, e se utilizará todo o ancho da calzada logo percorrerá por Canido, Cesáreo Vázquez, Ricardo Mella e de seguido entrar no termo municipal de Nigrán.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

A entidade solicitante deberá cumprir as "Normas xerais sobre a utilización de espazos públicos" aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003, así como o disposto no anexo II do Regulamento Xeral de Circulación referido a probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Corredores Vig-Bay con (CIF:G36862191) a organizar o vindeiro domingo 22 de marzo de 2015, a carreira denominada XVI MEDIO MARATON GRAN BAHIA VIG-BAY a carreira comenizará ás 10.30 horas, e terá a súa saída diante do Hotel Samil, se utilizará todo o ancho da calzada para congregarse a os corredores, a continuación percorrerá por Canido, Cesáreo Vázquez, Ricardo Mella e de seguido entrar no termo municipal de Nigrán ata Baiona onde rematará a carreira."

Acordo:

a Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9.- PROGRAMA DE TRABAJO, PLAN DE CALIDADE E PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS “REFORMA DA CUBERTA DO PAVILLÓN DE TEIS”. EXPTE. 13911/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23/02/15, do director deportivo do IMD, asinado xuridicamente polo secretario de Admon. Municipal e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

“1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 26 de setembro de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do proxecto de “REFORMA DA CUBERTA DO PAVILLÓN DE TEIS”. EXPTE. 13429-333.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das “OBRAS DE REFORMA DA CUBERTA NO PAVILLÓN DE TEIS”. Expte 13429/333, a favor da mercantil CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L., por un prezo total de 154.873,95 euros (IVE engadido).

Con data 22/12/2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación das obras de reforma da cuberta no pavillón de Teis, coa mercantil CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L..

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de xaneiro de 2015, entre outros asuntos, acordou os seguintes nomeamentos:

–Como directores facultativos das obras de reforma da cuberta no pavillón de Teis: D. Daniel Guisande Lago, arquitecto Colexiado do COAG nº 3211 e D. Juan Zaballa Malcorra, arquitecto Colexiado do COAG nº 2882.

–Como coordinador de seguridade e saúde das obras de reforma da cuberta no pavillón de Teis: D. Antonio Carballas Guisande, arquitecto técnico Colexiado do COAATPO VR444.

En sesión ordinaria do 2/02/2015, a Xunta de Goberno Local aproba o Plan de Seguridade e Saúde das obras de reforma da cuberta do pavillón de Teis, co informe favorable do coordinador de seguridade D. Antonio Carballas Guisande (expte 13868-333).

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que “cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato”.

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das “OBRAS DE REFORMA DA CUBERTA NO PAVILLÓN DE TEIS”. EXPTE. 13429/333, define no punto 4, da cláusula 1), que entre as funcións do director facultativo atópanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación.
- Aprobar o plan de xestión de residuos presentado polo contratista e propor a súa aceptación ó órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ó órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.

En base o exposto, o programa de traballo, así como os plans de xestión de residuos e de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación o citado expediente a mercantil CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- Plan de xestión de residuos.
- Plan de control de calidade.
- programa de traballo.

A dirección facultativa formada por D. Miguel Porras Gestido, de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 24 de novembro de 2014, informa de conformidade os seguintes documentos presentados pola mercantil CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.:

- Programa de traballo presentado polo adxudicatario, que conta con informe favorable de data 19/02/15.
- Plan de xestión de residuos presentado polo adxudicatario, que conta con informe favorable de data 19/02/15.
- Plan de calidade presentado polo adxudicatario, que conta con informe favorable de data 19/02/15.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do programa de traballo e de calidade, así como dar conta do plan de xestión de residuos, que contan co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de organo de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: Aprobar o programa de traballo e o plan de calidade, presentados pola mercantil CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L, e de acordo co informe favorable de data 19/02/2015, asinado por D. Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago, en calidade de directores facultativos das "OBRAS DE REFORMA DA CUBERTA DO PAVILLÓN DE TEIS". EXPTE. 13429/333.

Terceiro: Dar conta do Plan de xestión de residuos, presentado pola mercantil CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L., que conta co informe favorable de data 19/02/15, asinado por D. Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago, como directores facultativos nomeados para as "OBRAS DE REFORMA DA CUBERTA DO PAVILLÓN DE TEIS". EXPTE. 13429/333.

Cuarto: Do presente acordo darase traslado a empresa adxudicataria das "OBRAS DE REFORMA DA CUBERTA DO PAVILLÓN DE TEIS". EXPTE. 13429/333., CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA A.S.D. OCTAVIO VIGO POLO DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2014/2015. EXPTE. 13881/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico e de fiscalización de datas 10 e 24/02/15, respectivamente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD do 09/02/15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e pola concelleira-delegada de Facenda, que di o seguinte:

"Atendendo á instrucción de data 03/02/2015 remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade SD Octavio Vigo polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2014/2015.

Iniciadas as dilixencias previas á tramitación do expediente de subvención nominativa a favor da entidade S.D. Octavio Vigo polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2014/2015, o IMD remite, con data 04/02/2015, contestación á solicitude da Concellería de Deportes sobre as posibles débedas co Organismo Autónomo do IMD das entidades deportivas vinculadas coas distintas subvencións que están a tramitarse dende a Concellería de Deportes. Este certificado acredita que a entidade S.D. Octavio Vigo atópase pendente do pago por diversos usos deportivos das instalacións xestionadas polo IMD polo importe de 6.500,47€, dándose traslado a dita entidade da débeda notificada polo IMD.

Tras a comunicación da débeda á entidade S.D. Octavio , se procede a informar que:

- Na actualidade xa se atopa moi avanzada a tempada deportiva sobre a cal está fundamentado o obxecto da subvención que se tramita polo presente expediente.*
- No desenvolvemento da tempada deportiva 2014/15 iniciada o pasado mes de setembro e que finaliza en maio, esta entidade deportiva ten a obriga da execución de todos os gastos vinculados o desenvolvemento deportivo da competición na cal atópase inscrita, e de maneira extraordinaria é importante significar, que a situación de crise económica xera unha importante diminución dos recursos propios, e consecuentemente da capacidade de liquidez para afrontar en tempo e prazo todas as necesidades económicas vinculadas a proxectos deportivos de élite, o que leva implícito unha desviación da previsión inicial da entidade.*

Atendendo ás causas expostas, e tendo en conta que as mesmas describen unha situación de extraordinariedade, a xuízo do técnico que subscribe o presente informe proposta, considérase a necesidade de atopar unha solución que posibilite o obxecto da subvención, que non é outro, que colaborar economicamente para a afrontar os gastos obrigatorios que ten unha entidade deportiva para desenvolver un proxecto de transcendencia para o deporte local, como o propio dun equipo na élite da súa disciplina deportiva. Polo tanto, en relación á subvención obxecto deste expediente, debemos destacar que a entidade beneficiaria podería presentar para

a xustificación da mesma, entre outros moitos gastos, os gastos dos custes das instalacións deportivas nas cales desenvolve a súa actividade.

Ademáis, tendo en conta a situación evidenciada, e tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, admitiranse como gastos subvencionables os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade obxecto do convenio e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva SD Octavio Vigo conta cun equipo de élite na modalidade de Balonmán na categoría División de Honra B. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra B hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2014/2015, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade SD Octavio Vigo e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de élite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade SD Octavio Vigo para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, coa excepcionalidade de que na súa resolución, se adecúe o pago do importe contemplado como subvención para poder liquidar en primeiro lugar a débeda que actualmente ten a SD Octavio Vigo co Instituto Municipal dos Deportes por importe de 6.500,47€.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interes público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrència dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2015, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade SD Octavio Vigo durante a tempada deportiva 2014/2015, tendo a obriga de presentar a documentación para a

xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva SD Octavio Vigo para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría División de Honra B na tempada deportiva 2014/2015 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 154.500,00 €. a favor da entidade S.D. Octavio co CIF: G-36907304 e enderezo social na rúa Castrelos, 1, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13.881/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.06 do vixente orzamento.

Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

- 6.500,47€ serán abonados directamente ó Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade S.D. Octavio polos usos deportivos da entidade.
- 147.999,53€ serán abonados directamente a entidade S.D. Octavio co CIF: G-36907384 con enderezo social na rúa Avda. Castrelos, 1, en Vigo, mediante transferencia bancaria.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.”

Acordo:

a Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría SuperLiga 2 hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2014/2015, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementéntanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Club Vigo Voleibol e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.*
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.*
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.*

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de élite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- Consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.*
- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións

da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Club Vigo Voleibol para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interes público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2015, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Club Vigo Voleibol durante a tempada deportiva 2014/2015, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Vigo Voleibol para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría SuperLiga 2 na tempada deportiva 2014/2015 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 55.000,00 €. a favor da entidade Club Vigo Voleibol co CIF: G-36658219 e enderezo social na rúa Bolivia, 2, 6ºC en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13.880/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.10 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.”

Acordo:

a Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB VIGO VOLEIBOL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2014/2015 (EXPTE. 13.880/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil quince.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Guillermo Touza Rodríguez, como presidente da entidade Club Vigo Voleibol CIF nº G-36658219 e enderezo social na rúa Bolivia, 2, 6ºC, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13.880/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Club Vigo Voleibol conta cun equipo de élite que participa na categoría Superliga 2 desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Club Vigo Voleibol desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2014/2015.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Club Vigo Voleibol impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Voleibol en etatas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.10, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 55.000,00€, a favor da entidade deportiva Club Vigo Voleibol.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Club Vigo Voleibol na tempada deportiva 2014/2015.

VI.- Que a entidade Club Vigo Voleibol non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13.880/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Vigo Voleibol o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Vigo Voleibol comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Voleibol na tempada 2014/2015.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.

- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Vigo Voleibol na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Vigo Voleibol (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Vigo Voleibol unha subvención por importe de 55.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.10 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2014/2015.

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2014/2015, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do

xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2014/2015. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2014/2015, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2015.

O Alcalde de Vigo.
Asdo. Abel Caballero Álvarez

O Presidente do Club Vigo Voleibol
sdo. Guillermo Touza Rodríguez”

13.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CLUB BOSCO POLO DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2014/2015. EXPTE. 13879/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico e de fiscalización de datas 10 e 24/02/15, respectivamente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD do 09/02/15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e pola concelleira-delegada de Facenda, que di o seguinte:

“Atendendo á instrucción de data 04/02/2015 remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade CD Bosco polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2014/2015.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xenera a Cidade de

Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CD Bosco conta cun equipo de élite na modalidade de Baloncesto na categoría Liga Feminina 2. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

O valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Feminina 2 hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2014/2015, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementéntanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CD Bosco e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de élite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover

actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade CD Bosco para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interes público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2015, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CD Bosco durante a tempada deportiva 2014/2015, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva CD Bosco para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría Liga Feminina 2 na tempada deportiva 2014/2015 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 94.500,00 €. a favor da entidade Club Deportivo Bosco co CIF: G-36692317 e enderezo social na rúa Condesea Casa Bárcena, 9 Bajo, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13.879/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.05 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio."

Acordo:

a Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CD BOSCO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA

ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2014/2015 (EXPTE. 13879/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil quince.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Francisco Araújo Sestelo como presidente da entidade C.D. Bosco CIF nº G-36692317 e enderezo social na rúa Condasa Casa Bárcena, 9 Bajo, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13.879/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade CD Bosco conta cun equipo de élite que participa na categoría Liga Feminina 2 desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CD Bosco desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2014/2015.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CD Bosco impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Baloncesto en etatas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.05 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 94.500,00€, a favor da entidade deportiva CD Bosco.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade CD Bosco na tempada deportiva 2014/2015.

VI.- Que a entidade CD Bosco non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13.879/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade CD Bosco o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade CD Bosco comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Baloncesto na tempada 2014/2015.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.

- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CD Bosco na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CD Bosco (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CD Bosco unha subvención por importe de 94.500,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.05 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadjuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2014/2015.

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2014/2015, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do

xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2014/2015. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2014/2015, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2015.

O Alcalde de Vigo.
Asdo. Abel Caballero Álvarez

O Presidente do CD Bosco
Asdo. Francisco Araújo Sestelo”

EDUCACIÓN

14.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA. EXPTE. 16802/332.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de fiscalización e xurídico de datas 11 e 18/02/15, respectivamente, dáse conta do informe-proposta do 05/02/15, do técnico medio de actividades culturais e educativas, conformado pola concelleira de Educación e pola de Facenda, que di o seguinte:

“Os municipios exercerán como competencia propia nos términos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na seguinte materia de “conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial, segundo se recolle no art. 25.2, apartado n)”, da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, segundo redacción pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalidade e sostenibilidade da Administración Local.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOE), establece o Consello Escolar no seu Capítulo III “Órganos Colexiados de goberno y de coordinación docente de los centros públicos”, artigos 126 e 127; que se modifica nos artigos 79 e 80 da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE). Consonte á normativa legal vixente,

o Consello Escolar de Centro defínese como o órgano de participación da comunidade escolar, ademais de constituír a canle para o control e a xestión dos fondos públicos. A participación é o mecanismo idóneo para atender axeitadamente os dereitos e liberdades das nais e pais, do profesorado e alumnado.

Os Concellos, como organismos que teñen responsabilidades legais no mantemento dos colexios públicos e que colaboran coa Administración responsable na común tarefa de educar, teñen un representante municipal nos Consellos Escolares dos centros de ensino público. Estes representantes municipais nos consellos escolares de centros, desempeñarán as atribucións que están establecidas no artigo 80 da LOMCE e nos Decretos que serán desenvolvidos con posterioridade. Como funcións específicas dos representantes municipais cabe salientar as seguintes:

- 1. A chegar os recursos ubicados no Municipio á escola, para levar á práctica o principio de interacción escola-medio.*
- 2. Levar a realidade da escola, as súas necesidades e propostas ao Concello, e si fora preciso trasladala a outras institucións ou áreas da Administración Pública.*
- 3. Velar pola neutralidade dos centros públicos e porque se respeten e cumpran os dereitos dos diferentes sectores da Comunidade Educativa, especialmente os que recollen os artigos 14, 16, 20 e 27 da Constitución, da LOE que posteriormente foi modificada pola LOMCE e dos Decretos que serán desenvolvidos con posterioridade..*
- 4. Canalizar os procesos de admisión de alumnado de acordo coa planificación xeral que se realice pola Administración Educativa.*
- 5. Canalizar a información e propostas sobre prestación de servizos complementarios como os comedores escolares, transporte ou becas.*
- 6. Plantexar ao Consello Escolar, que con criterios pedagóxicos se programen actividades orientadas a facer dos centros lugares axeitados para unha acción educativa.*
- 7. Por especial atención ao seguimento do Plan de Centro.*
- 8. Velar para que se cumpra a LOE que posteriormente foi modificada pola LOMCE, e especialmente acadar que a escolarización obrigatoria e gratuíta se faga compensando as desigualdades.*
- 9. Comprobar que o destino dos recursos económicos que reciben do Concello os colexios públicos de educación infantil e primaria ,é o que está previsto no expediente de financiamento municipal de autoxestión correspondente, destinado as tarefas de mantemento preventivo e ordinario.*

Con estas funcións específicas, e seguindo instrucións da Concelleira Delegada de Educación, a proposta xeral do Servizo de Educación do Concello de Vigo é que o persoal nomeado para este cometido sexan funcionarios e funcionarias adscritos ao servizo de Educación e de Benestar Social, polo seu coñecemento na xestión das competencias educativas municipais e pola súa experiencia en promover e planificar dende estes Servizos municipais intervencións de apoio ao ensino.

Por outra banda, se facilitan así as xuntanzas de coordinación e intercambio de información referente ás actuacións municipais no eido do ensino, que obrigatoriamente deberán manter os/as representantes municipais co obxecto que o desenvolvemento deste programa sexa eficaz para acadar unha axeitada interacción Concello-Escola.

A efectos retributivos, a cantidade económica a percibir polos/as representantes municipais por asistencias aos Consellos Escolares de Centro serán, as homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal; por unha banda, na categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B quedando establecidas en 39,78.-€, e por outra banda, na categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D quedando establecidas en 36,72.-€, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro se totalizarán, a efectos de pago, dúas veces ó ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro.

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, as persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2015.

ZONA 1.

PEDRO M^a VÁZQUEZ IGLESIAS (NIF 11.904.805-M) Pertenece ao Grupo A2

- CEIP Emilia Pardo Bazán.
- CEIP Illas Cíes
- CEIP Escultor Acuña.
- CEIP Seis do Nadal.
- CEIP Pintor Laxeiro.
- IES Alexandre Bóveda.
- IES Alvaro Cunqueiro.

ZONA 2.

MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ (NIF 36.000.484-X) Pertenece ao Grupo C1

- CEIP Ría de Vigo.
- CEIP Igrexa-Valadares.
- EEI Monte do Alba.
- EEI Zamáns.
- CEIP García Barbón.
- IES Coruxo Carrasqueira.

ZONA 3.

ROSA MARÍA TORRES BOUZAS (NIF 36.019.300-N) Pertenece ao Grupo C1

- Escola Infantil Municipal Sta. Cristina.
- Escola Infantil Municipal Atalaia.
- Escola Infantil Municipal Sta. Marta.
- Escola Infantil Municipal Costeira.
- Escola Infantil Municipal Tomás Alonso.
- Escola Infantil Municipal Bouzas
- CEP Doutor Fléming.
- EEI Villalaura.
- IES O Castro.

ZONA 4.

IGNACIO OJEA PÉREZ (NIF 36.046.809-J) Pertenece ao Grupo A1

- CEIP Candeán Igrexa.
- CEIP Candeán Fonteescura.
- CEIP Alcabre- Javier Sensat.
- CEIP Bouzas Virxe do Rocío.
- CEIP Navia A. R. Castelao.
- CEIP Comesaña-Párroco Don Camilo.
- IES Sta. Irene.
- IES Sto. Tomé de Freixeiro.

ZONA 5

BEATRIZ ALONSO ASENJO (NIF: 35.991.455-C) Pertenece ao Grupo A2

- 1. CEIP Frián- Teis.
- 2. CEIP Paraixal.
- 3. CEIP Vicente Risco.
- 4. CEIP Altamar.
- 5. CEIP Canicouva- Pereiró.
- 6. CEIP Lope de Vega.

ZONA 6

FELIPE CODESIDO RODRIGUEZ (NIF: 36.081.823-K) Pertenece ao grupo C1

- 1. CEIP Santa Mariña (Cabral)
- 2. CEIP Sello Cabral
- 3. CEE Saladino Cortizo
- 4. CEIP A Paz-Tintureira
- 5. CEIP Coutada-Beade
- 6. CEIP Sobreira-Valadares.

ZONA 7

ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ (NIF: 36.058.643-W) Pertenece a grupo C1

- 1. E.E.I Hernán Cortés.
- 2. E.E.I Carmen Xiráldez.
- 3. CEP Santa Tegra.
- 4. CEIP Eduardo Pondal.
- 5. CEIP Ramón y Cajal.

6. CEIP O Pombal.

ZONA 8

MARIA JOSÉ FARALDO RIVAS (NIF: 36.056.377-J) Pertenece a grupo C2

- 1. E.E.I. Cristo da Victoria.
- 2. E.E.I. Monte da Guía.
- 3. E.E.I. Palencia.
- 4. E.E.I. Valadares.
- 5. CEIP Mestres Goldar.
- 6. IES Politécnico.

ZONA 9

MARIA JESÚS SANROMAN VARELA (NIF: 36.018.668-R) Pertenece a grupo A2

- 1. CEIP San Salvador (Teis).
- 2. CEIP Josefa Alonso.
- 3. CEIP Otero Pedraio.
- 4. IES Teis.
- 5. IES A Guía.
- 6. IES Beade.

ZONA 10

MARIA JOSÉ THOMAS BERBEN (NIF: 8.758.892-D) Pertenece a grupo A2

- 1. CEIP Mosteiro-Bembrive.
- 2. CEIP Chans-Bembrive.
- 3. CEIP Carrasqueira-Coruxo.
- 4. CIFP Manuel Antonio.
- 5. CIFP Valentín Paz Andrade.
- 6. EPA Barbés.

ZONA 11

YOLANDA FAJIN TORRES (NIF: 33.297.554-V) Pertenece a grupo A2

- 1. CEIP A Doblada.
- 2. CEIP Valle Inclán.
- 3. CEIP Carballal (Cabral).
- 4. IES Castelao.
- 5. IES Carlos Casares.
- 6. IES Ricardo Mella.

ZONA 12

DOLORES GONZALEZ ALONSO (NIF: 36.054.508-F) Pertenece a grupo A2

- 1. CEP Celso Emilio Ferreiro.
- 2. CEIP Balaidos.
- 3. CEIP Sárdoma Moledo.
- 4. IES ROU (Rosais I).
- 5. IES Rosais II.
- 6. IES Valadares.

Segundo.- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos A e B e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos C e D, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.

As asistencia aos Consellos escolares de Centro se totalizarán, a efectos de pago, dúas veces ó ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro.

A previsión do gasto anual polo concepto “Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo” é de 12.000.-€, con cargo á partida 3230.233.00.00 do presuposto de 2015.

Terceiro.- Establecer a perda da condición de representante municipal para quen non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, se convocará, cando menos, mensualmente.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a precedente proposta.

OSPIO

15.- PROGRAMA DE TRABALLO E PLAN DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS E ENTRONQUE”. EXPTE. 2858/443.

16.- PROGRAMA DE TRABALLO E PLAN DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO, FRONTE AO MERCADO DE CABRAL”. EXPTE. 2859/443.

17.- PROGRAMA DE TRABALLO E PLAN DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS DE MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E

RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN DIVERSAS RÚAS E CAMIÑOS. EXPTE. 2861/443.

RECURSOS HUMANOS

18.- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO DE 2015. EXPTE. 26251/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 20/02/2015, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación de RR HH do 17/02/15, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“Con data 02/02/2015, a xefa do negociado de Cemiterios co visto e prace da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Xuventude, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de Xaneiro 2015, así como as datas de realización de dito exceso.

A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada,

O persoal relacionado no expediente atopase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.

Compróbase por parte deste Servizo de Recursos Humanos que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no periodo obxecto de aboamento.

A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc

No escrito do negociado de cemiterios de data 30/1/2015 figura relación das datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de xaneiro de 2015, na que figura Nº de Persoal, nome, data e horario de realización do exceso de xornada.

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da

normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de diciembre, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nun periódicas no seu dveengo, nin orixinar dereitos individuais en periodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que éste está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-"Gratificacións", propónse a adopción do seguinte:

A C O R D O :

"Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de xaneiro de 2015, segundo o recollido na Instrucción Cuarta apartado f) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I -e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- "Gratificacións", por importe total de 1.105,40 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina".

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso

contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

19.- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE Ó PERSOAL DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO DE 2015. EXPTE. 26253/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 20/02/2015, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación de RR HH do 17/02/15, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

"Recíbese no servizo de Recursos Humanos, asinado polo Xefe do Parque Móbil, co conforme do Xefe da Área de Fomento e o visto e prace do Concelleiro-Delegado da Área, relacións de persoal do servizo do Parque Móbil, adscrito as brigadas de pavimentación que teñen dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Decembro de 2014. Dita relación inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudir ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas

relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servicio de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquer outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 23593/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade basease nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e peligrosidade do posto de Oficial Pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos suponen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimentado, e que inclúe non só aos postos de oficial pavimentador senon que debe entenderse extensiva a todos os postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e

oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 cítase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construcción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidad, toxicidad e peligrosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitranadores.

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 92001500000, ten o seu orixe no recoñecemento pola Xunta de Goberno Local, no acordo de data 16/05/2014 xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

No presente expediente relaciónase o persoal do servizo do Parque móbil que forma parte das brigadas de pavimentación e que realiza funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Productividade", e vistas as competencias que o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (acordo da Xunta de Goberno Local de 30.07.2014), propónse a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade a brigada de pavimentación do Parque Móbil e que se relaciona no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo,

acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado e) sobre plantilla e Relación de Postos de Trabajo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Trabajo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- “Productividade”, por importe de **61,38 €**.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
15881	Alonso Iglesias, Manuel	5,58 €
15496	Andujar Picans, Fernando C.	39,06 €
16142	Martíns Fernández, Juan A.	11,16 €
TOTAIS		61,38 €

"

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20.- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE Ó PERSOAL DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO DE 2015. EXPTE. 26254/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 20/02/2015, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación de RR HH do 17/02/15, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

"Recíbese no servizo de Recursos Humanos, asinado polo Xefe do servizo de Vías e Obras e o visto e prace do Concelleiro-Delegado da Área, relación de persoal do servizo de Vías e obras, adscrito as brigadas de pavimentación que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Xaneiro-2015. Dita relación inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e

contaminantes químicos.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas,

complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servicio de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquer outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 23593/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento , en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade baseáse nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e peligrosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos supoñen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimentado, e que inclúen non so aos postos de oficial pavimentador senon que debe entenderse extensiva a tódolos postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 citase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construcción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidad, toxicidad e peligrosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitradores.

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 92001500000, ten o seu orixe no recoñecemento pola Xunta de Goberno Local, no acordo de data 16/05/2014 xa que o aboamento da produtividade efectuarase en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

No presente expediente relaciónase o persoal do servizo de Vías e Obras que forma parte das brigadas de pavimentación e que realiza funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓN CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS

INSTRUCCIÓN EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse a adopción do seguinte:

ACORDO :

Primeiro.- *Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade a brigada de pavimentación de Vías e Obras e que se relaciona no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado e) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- “Productividade”, por importe de **156,24 €**.*

Segundo.- *Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

Parque Central	Xaneiro	De Aira Pereiro, Antonio a Rodríguez Leiros, Alfonso	1.061,28	758,88	1.820,16
TOTAL			106.097,77	57.232,74	163.330,51

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

26.- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO DE 2015. EXPTE. 26250/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 23/02/2015, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación de RR HH do 19/02/15, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“A directora do Laboratorio Municipal co visto e prace da Concelleira-Delegada do servizo remite relación do persoal do servizo de Desinfección que ten dereito a percibir o complemento de produtividade correspondente ao mes de Xaneiro de 2015, por as tarefas que a diario

desenvolve o persoal de dito servizo de control de pragas que van orientadas ao control curativo-preventivo de calquera praga (insectos, roedores, fungos, bacterias, etc.) que eclosione dentro do término municipal.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para

cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calqueira outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

No presente expediente relaciónase o persoal da Unidade de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos correspondente ao mes de xaneiro de 2015.

O servizo de prevención de Riscos laborais, en data 24/06/2014 informa a este servizo que o traballo desenvolvido polos persoal adscrito a Unidade de Desinfección do Concello de Vigo conleva unha importante esixencia física, que ten como riscos principais a manipulación manual de cargas, a adopción de posturas forzadas e o risco de exposición a produtos perigosos para o ser humano, co risco engadido que supón o traballo en horario nocturno que realizan todos os venres do ano e os meses da campaña de desratización.

O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraranse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as “INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola

Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, proponse a adopción do seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado e) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Productividade”, por importe de 464,40 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO

N.P.	Nome	Importe
16350	Seijas Álvarez, José Ramón	102,91
09722	Pardellas Avion, A Avelino	77,19
22790	Sousa Atrio, Jose Manuel	77,19
81369	Seijas Fernández; Alberto	102,91

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

27.- LIQUIDACIÓN DE INTERESES NA EXECUCIÓN 75/2014 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5 DE VIGO (PROCEDEMENTO 311/2010) SENDO DEMANDANTE DNA. MONTSERRAT SOTO SÍO. EXPTE. 26231/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20-02-15, dáse conta do informe-proposta do 08-02-15, da xefa de negociado de Seg. Social de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“Con data 14/01/2015, dictase resolución polo Xulgado do Social Nº 5 de Vigo, polo que se comunica a liquidación de intereses practicada na execución 75/2014, sendo demandante D^a Montserrat Soto Sio en relación co procedemento 311/2010 en materia de recoñecemento de dereito e cantidades.

En dita resolución cuantifícanse os intereses pendentes que ascenden a 645,03 €.

Dita execución 75/2014 correspondente ao procedemento 311/2010 relativo a demanda de reclamación de dereito e cantidades presentada por D^a Montserrat Soto Sio contra o Concello de Vigo foi executada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 03 de outubro de 2014.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTES-QUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

*II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na **Sentenza 66/1982, de 12 de novembro**, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.*

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 29/07/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade

co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais por importe de 645,03 € con cargo a partida 92001410000 "indemnizacións por sentenzas xudiais".

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Unico.- Dar cumprimento a providencia do Xulgado do Social nº 5 de Vigo, na execución 75/2014, procedéndose ao abono da cantidade de **645,03 €** en concepto de o de intereses pendentes unha vez efectuada a oportuna liquidación, na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia na conta nº IBAN ES55 0049 3569 9200 0500 1274 co concepto 3630 0000 64 007514.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

28.- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP) POR UN MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE ESTATÍSTICA. EXPTE. 26246/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19-02-15, dáse conta do informe-proposta do 17-02-15, do técnico de Organización de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

"Antecedentes:

Con data 13 de xaneiro de 2015, a Xefa de Estatística solicita o nomeamento urxente por acumulación de tarefas de persoal auxiliar que permita dar cobertura a actual carga de traballo existente e que garanta o mantemento do correcto funcionamento do Servizo.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 12 de febreiro seguinte, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino de dous/dúas auxiliares de administración xeral por acumulación de

tarefas, previstos no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo referenciado, nos termos da solicitude da súa xefa de Servizo de data 13 de xaneiro de 2015.

En execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estrictamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde segundo informe técnico que figura no expediente, o nomeamento como auxiliares de administración xeral das aspirantes D^a. AROA MOSQUERA LOSADA, DNI 53.188.392-H e D^a. MARÍA JOSÉ QUINTÁNS ACUÑA, DNI 35.323.774-Y, que aceptaron expresamente o mesmo, significándose asimesmo que as interesadas acreditaron neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que as aspirantes propostas D^a. Aroa Mosquera Losada e D^a. M^a. José Quintáns Acuña levan mais de seis meses dende que rematou os seus derradeiros nomeamentos interinos como auxiliares de administración xeral (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 24639/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 07/02/14, rematando o mesmo en data 09/08/2014, polo que están en condicións de ser novamente nomeadas desde o 10 de febreiro pasado.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguemento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recurrir a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recurrir as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil

se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, merito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun periodo de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que a citada candidata superou os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en propiedade de prazas de auxiliar de administración xeral na derradeira convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

j) Protección da salubridade pública.

k) Cemiterios e actividades funerarias.

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

n) Participar na vixancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicaciónes”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- *Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

–Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).

–Intervención Xeral Municipal.

–Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.

–Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)

–Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.

–Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.

–Recursos Humanos.

–Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables,

restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
 - 1. A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instruccións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento do Concello.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un periodo de seis meses ascende a un total de 21.495,24€, e imputaríase con cargo a partida 922.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Auxiliares de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Estatística, contidas no escrito de data 13 de xaneiro de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 21.495,24€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 do vixente orzamento prorrogado para o presente ano, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarias interinas por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral, por un período máximo de seis meses, á D^a. AROA MOSQUERA LOSADA, DNI 53.188.392-H e D^a. MARÍA JOSÉ QUINTÁNS ACUÑA, DNI 35.323.774-Y, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios nas derradeiras convocatorias para a provisión de prazas de Auxiliar de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais das mesmas.

Terceiro.- Dispoñer que o nomeamentos indicados realizaranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritas ao Servizo de Estatística (cód. 234).

Cuarto.- Establecer que a xonada laboral das funcionarias nomeadas desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do servizo fose necesario.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

29.- GASTOS LOCOMOCIÓN DE XULLO 2014 A XANEIRO 2015 DE VARIOS SERVICIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 26287/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24/02/15, dáse conta do informe-proposta do 21/02/15 conformado pola xefa do servizo de RR HH e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e da ampliación de informe do 24/02/15, que di o seguinte:

“No Servizo de Recursos Humanos teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos aos desprazamentos por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.

Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais seguidamente relacionados:

- Vías e Obras,
- O.S.P.I.O.,
- Participación Cidadá e Emprego,
- Conserxería,
- Mobilidade e Seguridade,
- Cemiterios,
- Benestar Social,
- Educación,
- Prevención Riscos Laborais.

Nos devanditos expedientes inclúense orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto, a

identificación do empregado municipal, percorrido e quilómetros correspondentes a cada un deles e a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas Xefaturas de Servizo e conformadas polos Concelleiros/as Delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por este Servizo, supón un total de **4.472,62 €**.

Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (Código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétese no listado subseguinte -que comeza por D. Benito Barciela Simón e que remata en D^a. Aránzazu González Soengas-:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
73108-250	Vías e Obras	Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Xaneiro 2015	227,24 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Xaneiro 2015	248,90 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Xaneiro 2015	216,22 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Xaneiro 2015	188,10 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Xaneiro 2015	202,16 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Xaneiro 2015	257,83 €
		Villar Estévez, Raimundo	36012815-J	11682	Xaneiro 2015	231,61 €
	O.S.P.I.O.	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Xaneiro 2015	254,03 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Xaneiro 2015	222,68 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Xaneiro 2015	150,86 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Xaneiro 2015	242,25 €
6966-320	Participa. Cidadá	Gutiérrez Orúe, Francisco J.	13.894.232-R	13920	Xaneiro 2015	23,20 €
347-201	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Xaneiro 2015	304,38 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Xaneiro 2015	273,41 €
91616-210 91936-210	Seguridade e Mobilidade	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Dec. 2014 e Xan. 2015	265,43 €
91617-210 91937-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Dec. 2014 e Xan. 2015	126,35 €
91618-210 91938-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Dec. 2014 e Xan. 2015	307,80 €
10454-255	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Xaneiro 2015	93,29 €
10455-255		Costas Villar, Alberto	36.125.172-S	82456	Xaneiro 2015	2,66 €
10456-255		Pereira Fona, Juan José	36.074.823-J	76563	Xaneiro 2015	5,70 €
10457-255		Márquez Losada, Manuel E.	52.500.559-T	23509	Xaneiro 2015	5,32 €
103874-301	BENESTAR SOC.	Malvido Rodríguez, Azucena	78.739579-E	78717	Xaneiro 2015	10,45 €
103263-301		Fajín Torres, Yolanda	33.297.554-V	79174	Xullo a Dec. 2014	51,30 €
	Educación	Alonso Asenjo, Beatriz	35.991..455-C	15651	Xaneiro 2015	136,23 €

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
		Codesido Rodríguez, J. Felipe	36.081.823-K	19399	Nov, Dec. 14 e Xan. 15	366,70 €
26225-220	Prevención (RRHH)	González Soengas, Aránzazu	52.481.598-Z	79388	Xaneiro 2015	58,52 €
TOTAL						4.472,62 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Artigo 24 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015.

II.- Artigos 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2014 (prorrogado).

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguintes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2014 (prorrogado).

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **A C O R D O** :

"Aprobar o gasto por un importe de **4.472,62 €**, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Benito Barciela Simón e que remata en Dª. Aránzazu González Soengas-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
73108-250	Vías e Obras	Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Xaneiro 2015	227,24 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Xaneiro 2015	248,90 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Xaneiro 2015	216,22 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Xaneiro 2015	188,10 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Xaneiro 2015	202,16 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Xaneiro 2015	257,83 €
		Villar Estévez, Raimundo	36012815-J	11682	Xaneiro 2015	231,61 €

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
	O.S.P.I.O.	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Xaneiro 2015	254,03 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Xaneiro 2015	222,68 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Xaneiro 2015	150,86 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Xaneiro 2015	242,25 €
6966-320	Participa. Cidadá	Gutiérrez Orúe, Francisco J.	13.894.232-R	13920	Xaneiro 2015	23,20 €
347-201	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Xaneiro 2015	304,38 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Xaneiro 2015	273,41 €
91616-210 91936-210	Seguridade e Mobilidade	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Dec. 2014 e Xan. 2015	265,43 €
91617-210 91937-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Dec. 2014 e Xan. 2015	126,35 €
91618-210 91938-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Dec. 2014 e Xan. 2015	307,80 €
10454-255	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Xaneiro 2015	93,29 €
10455-255		Costas Villar, Alberto	36.125.172-S	82456	Xaneiro 2015	2,66 €
10456-255		Pereira Fona, Juan José	36.074.823-J	76563	Xaneiro 2015	5,70 €
10457-255		Márquez Losada, Manuel E.	52.500.559-T	23509	Xaneiro 2015	5,32 €
103874-301	BENESTAR SOC.	Malvido Rodríguez, Azucena	78.739579-E	78717	Xaneiro 2015	10,45 €
103263-301		Fajín Torres, Yolanda	33.297.554-V	79174	Xullo a Dec. 2014	51,30 €
	Educación	Alonso Asenjo, Beatriz	35.991.455-C	15651	Xaneiro 2015	136,23 €
